

Guía de uso

Simbolo de envío.	² a art det ⇒ ² o.	
Entrada. Nos adxectivos e substantivos que presentan flexión de xénero, figura como entrada a forma masculina, coa terminación do feminino precedida de guión.	abortivo -va 1 <i>adx</i> Relativo ou pertencente ao aborto. 2 <i>adx</i> Que pode facer abortar. <i>Tm s m, referido a substancia.</i> 3 criatura abortiva <i>DER</i> Feto ou embrión que non ten figura humana ou que, aínda que a teña, non chega a vivir vinte e catro horas fóra do seo materno.	Explicacións de carácter gramatical ou semántico. Subentrada.
	abrogación <i>s f</i> Acción e efecto de abrogar. OBS: O grupo <i>br</i> pronúnciase en sílabas separadas.	Observacións referidas a toda a entrada ou acepción.
Fórmula química.	absentina [C ₃₀ H ₄₀ O ₆] <i>s f QUIM</i> Principio activo amargo que se extrae das follas do asente. Emprégase en licores estomacais.	
Nome científico da especie.	¹ abelleiro [<i>Merops apiaster</i>] <i>s m ANIMAL/ORNIT</i> Ave insectívora da familia dos merópidos, de plumaxe verde azulada por baixo e castaña e amarela por riba, peteiro longo e algo curvado cara a abaixo e ás longas e afiadas.	Materia.
Superíndice nos homónimos.	² abelleiro -ra 1 <i>adx</i> Relativo ou pertencente ás abellas. 2 <i>s</i> Persoa que coida as colmeas ou que se dedica á cría das abellas. 3 <i>s m</i> Niño construído polas abellas. 4 <i>s m</i> Gran cantidade de abellas que non forman un enxame.	Categoría gramatical.
Os números en letra negra indican as distintas acepcións.	breve ¹ <i>adx</i> 1 De pouca extensión ou duración. ² <i>LING</i> Aplícase á sílaba ou vogal que ten menor duración, por oposición a longa. 2 <i>s m HIST/RELIX</i> Documento pontificio menos solemne ca a bula, e cunha redacción que se centra na exposición concreta da resolución adoptada. 3 <i>s f MUS</i> Nota musical, na primeira notación mesurada, de forma cadrada e sen pau, que ten un valor equivalente á metade dunha longa e ao dobre dunha semibreve. * En breve <i>loc adv</i> De aquí a pouco tempo.	Os números en letra cursiva indican as distintas subacepcións.
Os estranxeirismos levan un asterisco á dereita e a continuación, entre corchetes, a indicación da lingua de procedencia.	bungalow* [<i>ingl</i>] <i>s m</i> Vivenda pequena de madeira, cun só andar, rodeada de corredores e situada en lugares destinados ao descanso.	As locucións e perífrases recóllense ao final do artigo.
	zenata [<i>ár: zenāta</i>] 1 <i>adx</i> Relativo ou pertencente á tribo zenata. 2 <i>s ETN/HIST</i> Individuo da tribo zenata. 3 <i>s m pl ETN/HIST</i> Tribo bérber norteafricana maioritariamente nómade. Un gran número estableceuse na Península Ibérica desde a formación de Al-Andalus.	Os préstamos poden levar entre corchetes a lingua e a forma orixinal.